

MAIOS 2010
O maio da fe

O maíño maio
É moi pillabán
Quere que lle metan
Os cartos na man.

Este ano mais que nunca
Neste primeiro de maio
Vimos de manifestar:
"Todos queremos traballo".



A oficina do INEM,
Aí ao lado do Con
Xa parece Sta. Rita
Na hora da procesión.

Pero dentro dalgúns anos
Cando sexamos maiores
Nós o paro non iremos,
Xa o din os profesores.



Porque co novo decreto
Co inglés e castelán
Vai estar todo chupado
Será coser e cantar.



Ai, señores de la Xunta
No se pongan a pensar
Pues cada vez que lo intentan
Lo están a es...tropear.



Cartos para educación:
Non apreten tanto o cinto
Menos rapaces por aula
Non chegar a vintecinco



CEIP VILAXOÁN

Onde caberemos máis
E no patio do recreo
Estánnolo a ampliar
Mandados polo Concello



Pedímoslle desde aquí
Canto antes rematar
Se fai falla unha oración
Haberaa que rezar



Que así con devoción
E se os santos nos axudan
Aínda que non son bos tempos
Nin pra igrexa nin pra os curas.



"Señor cura, señor cura
A doutrina non lla sei
Pídame unhas cantiguñas
Que eu llas repinicarei"

Temonos que ir marchando
porque imos a entrenar
Guardiola ou Pellegrini
Hannos de querer fichar.



E por eso lle dixemos
Ao señor Castro Ratón
Os maíos pola mañán
E pola tardiña, non.

Mentres non somos famosos
Para fame non pasar
Imos comer esas roscas
Os do **CEIP VILAXOÁN.**

